

CONCELLO DE RIANXO - - PROVINCIA DE A CORUÑA-

ACTA Nº 1-2015 DA SESION ORDINARIA PLENO MUNICIPAL

- DIA 29/01/2015-

Marxe que se cita:

Presidente:

ADOLFO F. MUIÑOS SÁNCHEZ.- (BNG)

Concelleiros/as asistentes:

ADELINA CES QUINTÁNS (BNG)

XOAN VICENZO CES RODRÍGUEZ (BNG)

Mª TERESA SOBRADELO IGLESIA.- (BNG)

HADRIANA ORDOÑEZ OTERO (BNG)

JOSÉ CARLOS GEY HERMO (PSOE)

SONIA CASTAÑO EIRAS (PSOE)

Mª OLGA GONZÁLEZ DOURADO (PSOE)

JOAQUIN DOMINGUEZ SALGADO (PSOE)

Mª VANESA MARTÍNEZ DURAN (PP)

JOSÉ LUÍS CASTIÑEIRAS LESENDE (PP)

JOSÉ RICARDO BESADA GESTO (PP)

ELISA BOUZAS VICENTE (PP)

CONCELLEIROS AUSENTES:

Mª DE LAS NIEVES VICENTE VARELA (PP)

ANA MARÍA EITOR VIDAL (PP)

ANA MARÍA AGRELO REY (PSOE)

CONSTANTINO CASTAÑO CALVO (BNG)

Secretaria:

Carolina Costoya Pardo

Interventora:

Patricia Fernández Pérez

Na Casa Consistorial de Rianxo, no día de hoxe ás 20:00 baixo a Presidencia do Sr. Alcalde reúnen os/as señores/as Concelleiros/as que á marxe se indican coa asistencia da Secretaria da Corporación, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión do Pleno Municipal ordinaria.

Constatada a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente (cando menos 1/3 do número legal), polo Sr. Presidente declárase aberta a sesión e procédese a trata-los asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-

2º.- DACION DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDIA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO.-

3º.- APROBACIÓN EXPEDIENTE RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO Nº 1/2015.-

4º.- AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXPOSICIÓN PÚBLICA E AUDIENCIA DA APROBACIÓN INICIAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL.-

5º.- MOCIONS DE URXENCIA.-

6º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Acta Nº 17 Sesión ordinaria do día 29/12/2014

O Presidente preguntalle aos Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta indicada.

Non habendo observacións ao respecto, por unanimidade dos 13 concelleiros presentes dos 17 que legalmente conforman o pleno, queda APROBADA a acta citada.

2.- DACION DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDIA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO.

2.A) A Presidencia da conta das Resolucións de Alcaldía ditadas dende o día 01/12/2014 ata o 31/12/2014, que comprenden os números 659/2014 ao 752/2014, cuxa relación facilitouse aos voceiros dos grupos municipais.

Non se producen intervencións.

O Pleno da Corporación DÁSE POR ENTERADO.

2.B) A Presidencia da conta das Actas das Xuntas de Goberno Local que se indican a continuación e que se trasladaron aos membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión:

- Acta Nº 24 da Sesión extraordinaria do día 27/11/2014
- Acta Nº 25 da Sesión extraordinaria do día 16/12/2014
- Acta Nº 26 da Sesión extraordinaria do día 18/12/2014

Non se producen intervencións.

O Pleno da Corporación DÁSE POR ENTERADO.-

3.- APROBACIÓN EXPEDIENTE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO Nº 1/2015.-

O Sr. Alcalde da conta da proposta facilitada aos membros do pleno corporativo:

<<Vista a seguinte factura, que ascende a 11.508 €, e que quedou pendente de aprobación a 31/12/2014 corresponde iniciar a súa tramitación mediante recoñecemento extraxudicial:

Data entrada	Nº entrada	Data doc	Nº doc	Nome	Terceiro	Texto Explicativo	Prog	Econ	Importe Total
21/10/2014	F/2014/3468	29/07/14	119	Francisco Javier Rodríguez Cañal	10188856V	Pavimentación da pista polideportiva de Araño	342	63200	11.508,00
Total									11.508,00

O 23/01/2015 a Intervención Municipal emitiu informe desfavorable pola omisión do requisito de existencia de crédito axeitado e suficiente no momento da realización do gasto e por non aplicar o procedemento da normativa de subvencións para esta colaboración

Tal e como consta no informe xustificativo do gasto, existe un interese municipal claro nesta actuación debido ás carencias deportivas na zona de Buía-A Ermida, na parroquia de Araño e esta colaboración foi moi importante para facer realidade esta pista polideportiva, que era unha demanda dos veciños que viñan facendo desde fai tempo.

Tendo en conta a doutrina xurisprudencial do enriquecemento inxusto, aplicable a estes supostos, xa que se trata de prestación realizadas de conformidade co concello, procede tramitar a aprobación e pagamento das facturas correspondentes.

A competencia para a aprobación deste expediente correspóndelle ao Pleno, de acordo coa base de execución 14ª.c) do orzamento

Esta Alcaldía PROPÓN AO PLENO A ADOPCIÓN DESTE ACORDO:

Primeiro: Resolución e levantamento do reparo suspensivo feito pola Intervención deste Concello e continuar coa tramitación do expediente de aprobación do gasto, da súa disposición e do recoñecemento de obrigas correspondentes aos gastos relacionados:

Data entrada	Nº entrada	Data doc	Nº doc	Nome	Terceiro	Texto Explicativo	Prog	Econ	Importe Total
21/10/2014	F/2014/3468	29/07/14	119	Francisco Javier Rodríguez Cañal	10188856V	Pavimentación da pista polideportiva de Araño	342	63200	11.508,00
Total									11.508,00

Segundo: Aprobar o gasto, a súa disposición e o recoñecemento de obrigas mediante recoñecemento extraxudicial 1/2015, con imputación ás aplicacións orzamentarias indicadas na táboa.>

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISION INFORMATIVA DE ECONOMIA, FACENDA, INDUSTRIA, COMERCIO E EMPREGO, do día 26/01/2015, sendo este favorable.

Ábrese o **DEBATE:**

A voceira do grupo municipal Partido Popular, Dª. Vanesa Martínez Duran, di que o Partido Popular non se vai a opoñer a que os veciños de Araño como os que viven en outras partes do municipio, teñan uns equipamentos en condicións, tamén comprendemos que aqueles que fan o su traballo teñen dereito a cobrar por el, non obstante non poden dar cobertura co seu voto a un modo de actuar irregular que consiste en comprometer os fondos municipais sen ter en conta si existe ou non consignación de crédito no presuposto para facer fronte, tampouco poden amparar que o goberno municipal de Rianxo incumpra reiteradamente os procedementos administrativos e desatenda os informes emitidos pola intervención e pola secretaria xeral ao respecto. Neste caso concreto, continúa a voceira, o Concello de Rianxo pretende pagar unha factura correspondente a pavimentación dunha pista que pertence a unha comunidade de montes, si o Concello de Rianxo consideraba que as obras que se tiñan que executar nos terreos da Comunidade de Montes do Araño eran de interese público existía un modo para que o concello contribuíra ao seu financiamento: o procedemento a seguir está previsto na normativa de subvencións, consistiría en conceder unha subvención nominativa sen promover a concorrencia competitiva e subscribir un convenio coa Comunidade de Montes. Sería a Comunidade de Montes a que faría fronte aos gastos e despois xustificaría ante o concello o importe da subvención concedida. Podería incluso concedérselle un anticipo a Comunidade de Montes para facer fronte aos gastos.

Unha vez mais, manifesta a concelleira, o goberno municipal de Rianxo demostra a súa nula capacidade para xestionar os asuntos públicos e os fondos dos rianxeiros. Este tipo de episodios veñen sucedendo dende que o actual goberno tomou posesión. Son numerosos os informes emitidos polos órganos de fiscalización interna que alertan da mala xestión que se está efectuando, xestión que en ocasións, como a presente, roza o ilícito penal xa que estanse destinando fondos públicos a inversións realizadas en bens de titularidade privada sen seguir os trámites previstos na normativa reguladora das subvencións públicas e estase recoñecendo obrigacións económicas que foron contraídas sen que existira previsión de crédito no orzamento municipal.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, José Carlos Gey Hermo, intervén para explicar que ese actuación viña precedida dun convenio coa asociación de veciños do Araño que se vinculaba coa obtención dunha unha achega da Deputación provincial, a cal, de non executala perderíase. Cando os veciños reciben a comunicación da subvención provincial, e visto que era unha cantidade pequena, o goberno municipal xunto con eles valora se, ante os inconvenientes existentes, deixar de executala ou tomar parte dalgún xeito na actividade solicitada polos veciños. Optouse por atender esa necesidade, e incluso houbo actuación da brigada de obras para acadar a súa execución e non facer perder aos veciños esa achega.

Rexeita as acusacións que acaba de facer a voceira do Partido Popular porque se tratou de levar a cabo correctamente mais o tempo para xustificar a execución da actuación que se subvencionaba era escaso. Remata dicindo que “moralmente” considera que o goberno municipal obrou ben.

A voceira do grupo municipal do BNG Adelina Ces Quintáns di que o BNG vai a apoiar a aprobación do recoñecemento extraxudicial porque o que se fixo foi atender a petición veciñal, e a pesar do asesoramento que prestaron as habilitadas, fíxose o que se puido no tempo que se dispoñía, de xeito que os veciños non perderan unha axuda que permitía xunto coa colaboración municipal, dispoñer desa actuación.

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D^a. Vanesa Martínez Duran, di que a pista polideportiva xa se prevía no programa de goberno electoral, de xeito que tiña que executalo a súa conta o concello e non que os veciños tiveran que pedir a achega e acabouse facendo mal, tarde e arrastro.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, José Carlos Gey Hermo, di que convén aclarar cal foi a actuación executada. A pista polideportiva de que fala a voceira era una actuación que moito mais custosa e noutra ubicación, despois de observar os problemas de aparcamento, e outras inconveniencias, determinouse esta nova localización dunha actuación mais sinxela e menos custosa.

O alcalde quere facer saber que a proposta contaba con 15.000€ que a asociación de veciños supostamente recibiría da Deputación Provincial e acabaron sendo 2.000€, que para iso xa nin facía falta a aportación provincial xa que levou ao concello a ter que adoptar outra solución en pro da veciñanza. Engade que ata os alcaldes do Partido Popular están fartos dos mandatos do ministerio de Facenda que obriga a pagar antes á banca que a facerlle fronte aos servizos municipais, e todo ilo prevía a emisión de múltiples informes.

Continúa dicindo a Alcaldía que, neste caso, polo pouco que se acadou de cofinanciamento coa deputación provincial xa bastante afrontou o concello cos medios de que dispón, co beneficio evidente para a parroquia, e partindo ademais de que a empresa que executou a obra tamén ten dereito a cobrar. Houbo que tomar unha decisión para que os veciños tiveran esa pavimentación e non perderan os cartos que lle dou a deputación. E isto vai ser así se cumpra ou non a regra de gasto.

Sométese a Proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN** sendo **APROBADA** por 9 votos a favor (5 dos membros do BNG e 4 dos do PSdeG-PSOE) e 4 votos en contra (4 dos membros do PP), e cero abstencións dos 13 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

O alcalde apunta que se lle mande o certificado á asociación.

4.- AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXPOSICIÓN PÚBLICA E

AUDIENCIA DA APROBACIÓN INICIAL DO PLAN XEDRAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL.-

A) Primeiramente o Alcalde somete a **ratificación a urxencia** da proposta en tanto non se someteu a comisión informativa especial do PXOM, baseándose en que servira para que os veciños dispoñan de mais tempo para coñecelo e formular alegacións.

Sométese a ratificación a urxencia, obténdose cos votos a favor da unanimidade de 13 concelleiros presentes (5 dos membros do BNG, 4 dos do PSdeG-PSOE, 4 dos do PP) dos 17 que legalmente constitúen a corporación, polo tanto a maioría absoluta preceptiva ao abeiro do artigo 47 da Lei de Bases de Réxime local.

B) O Sr. Alcalde da conta da proposta da alcaldía facilitada aos membros do pleno corporativo.

<<En sesión plenaria do 30/10/2014 aprobouse inicialmente o PXOM, nos termos do artigo 85.2 da Lei 9/2002, isto é, cun prazo de dous meses tanto para exposición pública como para formular alegacións, e cara a audiencia dos municipios limítrofes. A exposición pública efectuouse vía anuncio no DOG do 03/12/2014 (que abre o prazo dende o día seguinte) os xornais La Voz de Galicia e no Correo Gallego, no taboleiro municipal, sede electrónica e bandos. Ademais da comunicación para audiencia aos municipios limítrofes no mesmo prazo e solicitude de informes sectoriais procedentes.

Sobor da posibilidade da ampliación do prazo legal, esta Alcaldía solicitou informe á Secretaría municipal que esta expediu o 19/01/2015, que en parte reflíctese nesta proposta.

Na normativa urbanística non hai previsión ningunha sobor da súa ampliación. Sen embargo o [art. 47](#) da lei 30/1992, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común afirma que aínda que “ os termos e prazos establecidos nesta e outras leis obrigan ás autoridades e persoal ao servizo das Administracións públicas competentes para a tramitación dos asuntos así como aos interesados nestes”, regúlase a súa posible ampliación no artigo 49 da Lei 30/1992, do que resulta someramente:

1. que é potestativa da Administración, de oficio ou a instancia de parte
2. que non pode exceder da metade dos prazos
3. que procederá se as circunstancias o aconsellan e non se prexudican dereitos de terceiros
4. que se solicite e decida antes do transcurso do vencemento do prazo
5. que se notifique aos interesados
6. o acordo ao respecto non é susceptible de recurso ningún

Polo exposto, respecto da ampliación do prazo de exposición pública do PXOM dicir que:

- Esta aínda vixente o prazo de exposición pública, a posibilidade de ampliación formulase en tempo e forma.
- trátase dun prazo que poderíamos cualificar como de garantía, de xeito que tendo en conta as peticións presentadas (grupo municipal do PP, ARE, asociacións...) que alegan circunstancias que o aconsellan, e visto que dificilmente pode, polo mesmo, prexudicar dereitos de terceiros ao ser un prazo non limitativo e cuxa ampliación sería a favor de todos.
- Sendo o prazo legal de dous meses, a ampliación non podería exceder de un mes con continuidade sobor do actual e sendo obxecto de publicación nos mesmos medios (DOG, xornais, taboleiro, sede electrónica, bandos....) en que se publicou a aprobación inicial para o seu coñecemento e efectos.

Estímase que o acordo a adoptar tamén abrangue o prazo de comunicación de ampliación da audiencia aos municipios limítrofes en tanto audiencia.

O órgano competente para adoptar o mencionado acordo de ampliación sería o pleno corporativo e

por maioría absoluta ao abeiro do artigo 47.2.II) da LBRL en tanto a esixe para “ os acordos que corresponda adoptar á corporación na tramitación dos instrumentos de planeamento xeral previstos na lexislación urbanística”.

En consecuencia esta Alcaldía propón ao Pleno corporativo a adopción do seguinte ACORDO:

(UNICO) Ampliar o prazo de exposición pública da aprobación inicial do PXOM en un mes mais. Publíquese este acordo nos mesmos medios que a anterior do 30/10/2014 (DOG, dous xornais, sede electrónica, bandos...). Este acordo abrangue a ampliación nun mes de audiencia aos concellos limítrofes.>>

Ábrese o **DEBATE**:

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D^a. Vanesa Martínez Duran, di que o Partido Popular, tal e como viñan a dicir na solicitude que presentaron, congratulase de que o goberno tamén o vexa así e van a apoiar a ampliación.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, José Carlos Gey Hermo, tamén concelleiro de urbanismo di que a máxima é que todos os veciños saiban do PXOM; traen esta ampliación que permitira informarse a poboación (dobrouse a asistencia técnica nese sentido en horario de tarde), deste xeito poderán tamén alonxar esas ideas maliciosas ou non sobor do contido “maligno” do plan que, por certo, ás veces, algunhas das determinacións débense a esixencias doutras Administración Públicas en aplicación da normativa sectorial. En conclusión a proposta é positiva para os veciños e todo o concello.

A voceira do grupo municipal do BNG Adelina Ces Quintáns di que a apoian, sumándose ao dito para o coñecemento dun documento de tanta transcendencia para o municipio e todos os veciños como é o PXOM.

Sométese a Proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN** sendo **APROBADA** por unanimidade dos 13 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación polo tanto maioría absoluta.

Abandona a sesión a interventora municipal.

5.- MOCIONS DE URXENCIA

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día e antes de pasar a quenda de rogos e preguntas, ábrese o punto de mocións de urxencia.

5.1.- MOCION DO BNG PARA DEMANDAR A CREACIÓN DOS CONSELLOS DE SAÚDE DAS ÁREAS SANITARIAS.

A) URXENCIA DA MOCIÓN:

A voceira do grupo municipal do BNG, Adelina Ces Quintáns, xustifica a urxencia no cumprimento da obriga recollida na Lei 8/2008 de convocar os consellos de saúde para a participación cidadán.

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando **Ratificada a urxencia por unanimidade**, cos votos a favor do total de 13 concelleiros presentes (5 dos membros do BNG, 4 dos do PSdeG-PSOE, 4 dos do PP) dos 17 que legalmente constitúen a corporación, polo tanto maioría absoluta.

B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.

A voceira do grupo municipal do BNG, Adelina Ces Quintáns, lee a moción:

<<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O desmantelamento do sistema sanitario público da Galiza é unha constante, é a folla de ruta do PP á fronte do Goberno galego.

A día de hoxe a sanidade pública recibe menos orzamento, un recorte de máis do 12% desde o ano 2009, menos medios, presenta listaxes de espera disparadas... Todo isto implica menos saúde pública, confirma o traslado do gasto sanitario ás persoas doentes. O goberno galego recorta en infraestruturas e mantén a estratexia de privatización da sanidade pública. A Xunta entregou xa a empresas privadas -na súa maioría multinacionais, algunha vinculada a fondos financeiros- e de fóra de Galiza unha parte considerábel dos servizos da rede do Sergas. Padecemos un recorte do 21% na atención primaria desde a chegada de Feijó á Presidencia, a pesar de ser a porta de entrada na sanidade, con case 3.000 profesionais menos, desde a aplicación da taxa de reposición no ano 2010, sometidos/as a un recorte salarial do 30%. A esta redución hai que acrecentar o peche de case 400 camas, o abandono e deteriora das infraestruturas sanitarias e a non construción doutras comprometidas, como o Hospital do Salnés e 15 centros de saúde ao longo de todo o país que carecen de consignación orzamentaria da Xunta

Esta situación provoca a reacción da cidadanía a través de iniciativas nas institucións que presentan as forzas políticas, como o BNG, ou organizada na Plataforma SOS Sanidade Pública para deter a política de recortes e privatizacións que impulsa o actual Goberno Galego e co fin de garantir o dereito constitucional á protección da saúde dos galegos e galegas. Porque a sanidade pública constitúe -xunto co ensino e os demais servizos públicos- un elemento básico do Estado Social e un claro indicador de equidade e solidariedade, por iso estamos todas e todos comprometidos na mellora deste servizo público, incrementando a capacidade resolutiva en atención primaria como instrumento de achegamento dos servizos de saúde ao territorio e para lograr a redución dos tempos de espera hospitalaria.

A Lei 8/2008 do 10 de xullo, de Saúde de Galiza, recolle no seu preámbulo e no texto articulado, a participación social co obxectivo de incorporar a visión e a percepción da sociedade no deseño e funcionamento nos proxectos asistenciais e na garantía de dereitos.

Así, no artigo 25 da lei, recóllese a participación territorial a través dos consellos de saúde de área, reflectindo a súa composición e competencias, integrados polos concellos comprendidos na área sanitaria correspondente, agrupacións ou federacións de asociacións veciñais con actuación no ámbito da área sanitaria, organizacións sindicais e empresariais máis representativas, cargos designados pola Xunta de Galiza e asociacións de pacientes.

Lamentablemente, a partir da entrada en vigor desta lei os consellos foron constituíndose nas áreas sanitarias, mais a negativa da Xunta de Galiza a convocalos provocou o seu esmorecemento ou a súa desaparición.

A actual situación de deterioro da sanidade pública obriga a necesaria revitalización dos consellos de saúde de área para facer posíbel a participación social que obrigue a Administración sanitaria e o goberno da Xunta de Galiza a escoitar as alternativas e suxestións da cidadanía galega para mellorar este servizo público esencial para os galegos e as galegas.

Polo exposto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO

- 1. Demandar da Xunta de Galiza a constitución e convocatoria dos consellos de saúde de área para cumprir coa participación social e territorial da cidadanía, tal como sinala a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de Saúde de Galiza, para que se escoiten as alternativas e achegas dos galegos e dos galegos para mellorar este servizo público esencial.**
- 2. Trasladar este acordo ao Presidente da Xunta de Galiza, titular da Consellaría de Sanidade e grupos parlamentares do Parlamento galego.>>**

O alcalde abre a quenda de intervencións.

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D^a. Vanesa Martínez Durán, di que efectivamente, a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, no seu artigo 25 (participación territorial – os consellos de saúde da área) establece, como órgano de participación social, a constitución dos referidos Consello de Saúde da Área. O noso sistema sanitario atópase en constante mellora. Ao longo dos últimos exercicios, introducíronse melloras relevantes na xestión, organización e funcionamento do sistema sanitario, con medidas como a implantación da Xestión integrada, a xestión por procesos, a protocolización dos criterios de priorización na xestión da lista de espera, a implantación das vías rápidas, as medidas de seguridade e calidade, a promoción do uso adecuado dos recursos farmacoterapéuticos, entre outras. Así, con posterioridade á referida Lei, publicouse o Decreto 68/2010, de 7 de outubro, polo que se regula a estrutura organizativa de xestión integrada do Servizo Galego de Saúde. Dito Decreto supón un desenvolvemento,

entre outros, do artigo 96 da Lei 8/2008, que establece o mandato de introducir, na asistencia sanitaria, modelos de xestión e formulas organizativas cunha visión horizontal e integrada dos procesos asistenciais.

Polo exposto, o grupo municipal do PP, apoiaría a moción sempre que se acepta a emenda transaccional que presenta ao punto primeiro <<Demandar da Xunta de Galicia as modificacións normativas precisas para adaptar os Consellos da Saúde previstos no artigo 25 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de Saúde de Galicia, á nova realidade derivada da estrutura organizativa de xestión integrada do Servizo Galego de Saúde e con posterioridade procederase á súa constitución e convocatoria á maior brevidade posible>>

A voceira do grupo municipal do BNG, Adelina Ces Quintans, di que lle gustaría mais que se convocara xa aos consellos, pero estaría de acordo coa emenda formulada polo PP.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, José Carlos Gey Hermo, apoia a moción do BNG e a emenda do PP. Comenta que a entrada do goberno do PP na Xunta de Galicia supuxo a desaparición destes órganos cando mais necesarios son ante o deterioro na calidade asistencial da Sanidade pública galega, algo que é evidente. Estes consellos deben ser constituídos de novo para exercer as funcións de órganos de conexión entre as instancias sanitarias e as necesidades e demandas da sociedade á que deben server. Abranguen dende a verificación da adecuación das actuacións dos distintos dispositivos na área de Saúde ás directrices de política sanitaria e ao estudo dos problemas específicos desta. Ademais fai unha exposición da difícil situación da sanidade pública nestes momentos caracterizada pola escasez de persoal médico, insuficiencia de camas, exclusión de produtos farmacéuticos subvencionados para casos graves como a hepatites C....

Sométese a moción recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, coa emenda formulada polo PP (de xeito que o texto da emenda substitúe o punto 1º da moción sendo **APROBADA** por unanimidade dos 13 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, polo tanto maioría absoluta, sendo o acordo o seguinte:

<<1.- Demandar da Xunta de Galicia as modificacións normativas precisas para adaptar os Consellos da Saúde previstos no artigo 25 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de Saúde de Galicia, á nova realidade derivada da estrutura organizativa de xestión integrada do Servizo Galego de Saúde e con posterioridade procederase á súa constitución e convocatoria á maior brevidade posible

2.- Trasladar este acordo ao Presidente da Xunta de Galiza, titular da Consellería de Sanidade e grupos parlamentarios do Parlamento galego>>

5.2.- MOCION DO BNG PARA REALIZAR ACTIVIDADES QUE PROMOVAN O COÑECEMENTO DA OBRA E DO COMPROMISO DE ROSALIA DE CASTRO, COMEZAR POLA SÚA DEFENSA DO GALEGO.-

A) URXENCIA DA MOCIÓN:

A voceira do grupo municipal do BNG, Adelina Ces Quintáns, xustifica a urxencia da moción posto que o 24 de febreiro cúmprese 178 anos do nacemento da escritora.

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando **Ratificada a urxencia por unanimidade**, cos votos a favor do total de 13 concelleiros presentes (5 dos membros do BNG, 4 dos do PSdeG-PSOE, 4 dos do PP) dos 17 que legalmente constitúen a corporación, polo tanto maioría absoluta.

B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.

A voceira do grupo municipal do BNG, Adelina Ces Quintáns, lee a moción:

<<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 24 de febreiro de 2015 cúmprense 178 anos do nacemento de Rosalía de Castro, un día e un mes en que é preciso traballar, como o resto do ano mais de xeito máis intenso e planificado, para difundir unha obra e un pensamento con forte vixencia na actualidade e que pode coadxuvar a recuperar o orgullo de quen somos e o recoñecemento da nosa lingua como expresión xenuína do pobo galego. Lembremos que estamos a falar dunha escritora radical, culta, feminista e comprometida co noso país, coas súas clases populares e cos sinais de identidade da Galiza, entre os que se conta o galego, hoxe especialmente ameazado.

Rosalía de Castro é non só a escritora máis representativa da lingua e da literatura galegas senón a que marcou o camiño a seguir ao iniciar o proceso de recuperación de usos do galego co obxectivo de lle devolver a dignidade de que fora desposuído. A publicación do seu libro *Cantares Gallegos*, o primeiro escrito integramente no noso idioma, sinala o inicio da restauración do uso escrito do noso idioma e o final de séculos de silencio e esquecemento. A recuperación literaria e lingüística da Galiza ten unha enorme débeda coa súa obra, que marca a ruptura da marxinalidade do galego e desafia a sociedade do seu tempo a través dun discurso de defensa da terra, da súa xente e dunha lingua que merce continuar a ser transmitida de xeración en xeración e ser utilizada en todos os ámbitos para contribuír, desde a súa especificidade, ao saber universal que tamén posúe a obra rosaliana.

Nuns tempos en que os datos obxectivos indican un alarmante descenso no uso do galego, a difusión do coñecemento da súa obra é necesaria para as galegas e os galegos, en especial para as xeracións máis novas, pois nos seus textos achamos procedementos e argumentos para fomentar a utilización da nosa lingua, achegarse á nosa idiosincrasia e comprender a nosa identidade cultural. Cómpre, pois, aproveitar a reivindicación desta data para estendela a un mes de febreiro de firme e inequívoco compromiso co idioma, sumando todos os esforzos posibles para continuar o camiño por ela iniciado para o galego se converter na lingua en que expresarmos todos os nosos sentimentos e emocións, en que desenvolvemos toda a nosa actividade profesional, en que achegamos o noso contributo á cultura universal.

Por todo isto, e seguindo as directrices dunha convocatoria xa consolidada pola Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega (AELG), propoñemos ao Pleno Municipal deste concello, tras declarar, o 24 de febreiro Día de Rosalía, os seguintes acordos:

- ÿ **Emprender e apoiar a realización de actividades de promoción da obra da nosa escritora que impliquen a veciñanza do noso concello ao longo do mes de febreiro. Entre estas actividades, xulgamos de interese promover, cando menos, as seguintes accións:**
- ÿ **Pendurar nos balcóns das casas e das institucións bandeiras galegas, pancartas con versos de Rosalía debuxados, procurar espazos para realizar graffitis, murais...**
- ÿ **Realizar lecturas públicas da obra rosaliana en lugares destacados do concello en que o alumnado dos centros escolares e persoas destacadas pola súa actividade cultural teñan o papel protagonista.**
- ÿ **Desenvolver unha serie de actividades para promover o coñecemento de actualizacións da obra rosaliana a través da música, o teatro, a literatura ou a danza, así como seminarios, mesas redondas e/ou conferencias sobre a súa obra e figura.**
- ÿ **Apoiar todas as iniciativas mobilizacións que se desenvolvan ao longo do mes de febreiro para reivindicar o futuro do noso idioma e a activación de medidas a prol do seu uso en todos os ámbitos.**
- ÿ **Solicitar da Xunta de Galiza unha mudanza na política lingüística desenvolvida até o momento, retomar o consenso e promover, nun prazo máximo de seis meses, mudanzas legislativas substanciais guiadas pola activación de políticas lingüísticas a prol do galego.>>**

O alcalde abre a quenda de intervencións.

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D^a. Vanesa Martínez Duran, di que están a favor do texto da moción.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, José Carlos Gey Hermo, apoia a moción e quere significar as inqedanzas políticas que manifestaba nos seus círculos, de índole republicano e feminista, así *Cantares Galegos* e outras obras súas o plasman. Considera a proposta moi acertada.

O alcalde quere rematar para facerlles saber aos concelleiros que están invitados ás actividades que Padrón, a vila de Rosalía e municipio co que Rianxo ten unha especial relación, vai desenvolver este ano é o último en que esta corporación pode acudir.

Sométese a moción recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, sendo APROBADA por unanimidade dos 13 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación,

polo tanto maioría absoluta.

9.- ROGOS E PREGUNTAS

Chegado a este punto non se presenta ningún.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 20:49 minutos, de orde da Presidencia, ábrese os ROGOS E PREGUNTAS DO PÚBLICO ASISTENTE.

Levántase a sesión ás 20:50 horas, da que se estende a presente acta, do que eu, Secretaria, dou fe.

O Alcalde

A Secretaria

Adolfo F. Muíños Sánchez

Carolina Costoya Pardo